



## **SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 20 DE MAIO DE 2021**

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte de maio de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. Garcia Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria e urxente convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa don Juan González Leirós.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Pronunciamento da Xunta de Goberno Local respecto da urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar, de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal**

Tendo en conta que se considera necesaria a convocatoria dunha Xunta de Goberno local extraordinaria e urxente para aprobación do expediente de contratación do servizo de acondicionamento do contorno do Río Mero, ao seu paso polo termo municipal de Cambre, (exp. 2021/C004/000008), en virtude de convenio de colaboración suscrito entre o Concello de Cambre e "Augas de Galicia", para as anualidades 2021 a 2023 , motivado no obxecto do contrato e o prazo para a súa execución.

En concreto, o servizo consistirá na realización das actuacións de roza e limpeza de malezas na totalidade de ambas as marxes da senda, retirada de especies arbóreas en mal estado ou caídas, así como de especies exóticas e invasoras (especialmente nas zonas con presenza de Herba da Pampa), conservación de gábias, taludes e taxeas, traballos de reparación do firme e motas, conservación das pasarelas, varandas, mobiliario de madeira e sinalización existente en xeral, así como conservar os tramos que xeren problemas e queixas dos usuarios. Tendo en conta a estación na que nos atopamos, na que se produce un especial crecemento da vexetación e un incremento no uso por parte da veciñanza, así como o prazo que establece a cláusula Terceira do convenio suscrito entre o Concello de Cambre e "Augas de Galicia", que obriga ao concello a enviar antes do 1 de decembro de cada anualidade un informe final das actuacións realizadas, (o que motiva que as diferentes actuacións contempladas no contrato se deban levar a cabo sen superar as datas do 15 de novembro de cada anualidade), considérase urxente a apertura do prazo de licitación, a fin de que o servizo poida adjudicarse e comezar coa maior brevidade posible.

Estas circunstancias motivan a urxencia da realización da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local.



Por todo isto, o señor presidente manifesta que considera adecuadamente xustificada a urxencia da convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta o disposto no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal, segundo o cal:

*“a) Entre a convocatoria e a realización da sesión non poderán transcorrer menos de vinte e catro horas, agás no caso das sesións extraordinarias e urxentes nas que, antes de entrar a coñecer os asuntos incluídos na orde do día, deberá ser declarada a urxencia por acordo favorable da maioría dos membros.”*

Sometido a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal.

**2º.- Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C004/000008, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, correspondente ao servizo de acondicionamento do contorno do Río Mero, ao seu paso polo termo municipal de Cambre, en virtude de convenio de colaboración suscrito entre o Concello de Cambre e "Augas de Galicia", para as anualidades 2021 a 2023**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 19 de maio de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 5 de maio de 2021, elaborouse polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal-xefe da Sección de Servizos, a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios, motivación da non división en lotes e xustificación da elección do procedemento, para a contratación do servizo de acondicionamento do contorno do Río Mero, ao seu paso polo termo municipal de Cambre, en virtude de convenio de colaboración suscrito entre o Concello de Cambre e “Augas de Galicia”, para as anualidades 2021 a 2023, cun valor estimado de 109.090,90 euros e un orzamento base de licitación de 40.000,00 euros.

Con data do 12 de maio de 2021, asíñase polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal-xefe da Sección de Servizos, o informe técnico de necesidade relativo, entre outros aspectos, aos criterios de valoración, detección de ofertas anormalmente baixas, solvencia esixible aos licitadores, e condicións especiais de execución do contrato, elaborándose o mesmo día 12 de maio de 2021, polo antedito funcionario municipal, o prego de prescricións técnicas regulador da prestación do servizo.

Consta documento de retención de crédito asinado o 16 de abril de 2021 polo Interventor da Corporación, respecto da existencia no orzamento de 2021 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 454.21000

Consta a providencia da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 13 de maio actual, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido o día 19/05/2021 pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da Secretaría accidental e máis do interventor da Corporación, favorable á aprobación do expediente de contratación e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono a adopción do seguinte ACORDO:



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato ao tratarse dunha prestación coa que se persegue dar cumprimento ao convenio de colaboración suscrito en xullo de 2020 entre o Concello de Cambre e "Augas de Galicia", para o acondicionamento, mantemento e conservación da contorna do Río Mero ao seu paso polo Concello de Cambre, convenio cuxa vixencia se estende ata o día 31 de decembro de 2023.

O servizo consistirá, en concreto, na realización das actuacións de roza e limpeza de malezas na totalidade de ambas as marxes da senda, retirada de especies arbóreas en mal estado ou caídas, así como de especies exóticas e invasoras (especialmente nas zonas con presenza de Herba da Pampa), conservación de gábias, taludes e taxeas, traballos de reparación do firme e motas, conservación das pasarelas, varandas, mobiliario de madeira e sinalización existente en xeral, así como conservar os tramos que xeren problemas e queixas dos usuarios. Co contrato proxectado o Concello está a cumprir coas competencias que ten atribuídas de conformidade co establecido no artigo 25.2, apartados b) , d) e f) , da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, (*"o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: "b) Medio ambiente urbán....d) Infraestructura viaria ...f) ...prevención e extinción de incendios"*), sendo a prevención e extinción de incendios un servizo mínimo obrigatorio nos concellos con poboación superior a 20.000 habitantes, segundo art. 26.1.a) da Lei 7/85, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

**Segundo:** Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2021/C004/000008, por procedemento aberto simplificado , con pluralidade de criterios de adxudicación , con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática , e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que se integran nel, correspondente a:

- |                                 |  |
|---------------------------------|--|
| - Obxecto do contrato:          | Servizo de acondicionamento do contorno do Río Mero, ao seu paso polo termo municipal de Cambre, en virtude de convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e "Augas de Galicia", anualidades 2021 a 2023   |
| - Orzamento base de licitación: | 40.000,00 euros  |
| - Valor estimado:               | 109.090,90 €   |
| - Duración:                     | Anualidade 2021, prorrogable anualmente ás anualidades 2022 e 2023, de xeito que as diferentes actuacións contempladas no contrato levaranse a cabo sen superar as datas do 15 de novembro de cada anualidade (ver cláusulas 3 , 8, 22 e 29 do PPT e cláusula 9 do PCAP) |

isto a teor do establecido nos artigos 131 ,159 e concordantes da LCSP.

**Terceiro:** Aprobar o gasto por importe de 40.000,00 euros, por conta da aplicación orzamentaria 454.21000, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

**Cuarto:** De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares, establécese a improcedencia da revisión de prezos, polo que non se realizará a revisión do prezo do contrato, sen prexuízo do previsto no prego de cláusulas administrativas particulares respecto dos incrementos no número de unidades realmente executadas sobre as previstas no contrato, (art. 309 LCSP), e para as modificacións contractuais non previstas do artigo 205 da LCSP.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

**Quinto:** Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaria Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación, composición, número de membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por:

**Presidenta:** A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós .

**Vogais:** A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

A enxeñeira técnica de obras públicas municipal dona Elena Bartolome Delanöe, e como suplente, o enxeñeiro técnico industrial municipal don Ignacio Fernández Díaz.

**Secretaria:** A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M<sup>a</sup> Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

**Sexto:** Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.

**Sétimo:** Tendo en conta o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local con data do 17/09/2020 no expediente nº 2020/C002/000120, e de conformidade coa cláusula sétima do convenio suscrito entre o Concello de Cambre e “Augas de Galicia” para o acondicionamento, mantemento e conservación do entorno do Río Mero ao seu paso polo Concello de Cambre, designar como representantes do Concello de Cambre na Comisión de Seguemento que se estableza para impulsar, interpretar e promover a solución de posibles discrepancias , aos seguintes funcionarios municipais:

- O enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal , xefe da Sección de Servizos, don Óscar Souto Muiño
- A enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolome Delanöe.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e dez minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar Alfonso Garcia Patiño

A secretaria accidental

Verónica Maria Otero López